| Realización de artigos de marroquinaría cosidos a máquina | • Explicación teórica e práctica de cómo realizar diferentes artigos de marroquinaría cosidos a máquina e os seus acabados. | • Realizar diferentes mostras de cosidos a máquina e os acabados. | • Carteiras, trabillas, marcapáxinas, fundas móbil, etc. | • Peles, broches, fios, cinta de doble cara duns 6 mm de ancho, máquina de triple arrastre, etc. | • LC.1 - artigo ou producto<br>• LC.2 - Actuación no taller<br>• LC.3 - Actuación no taller<br>• LC.4 - Actuación no taller | 30,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | • PE.1 - apuntes da clase<br>• PE.2 - apuntes da clase<br>• PE.3 - apuntes da clase<br>• TO.1 - Actuación no taller<br>• TO.2 - Actuación no taller<br>• TO.3 - Actuación no taller | |
| | | | | | TOTAL | 30,0 |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINÍMOS EXIXIBLES para acadar a avaliación positiva:

CA1.1 - Identificáronse e clasificáronse os equipamentos e as ferramentas en función das súas prestacións no proceso de reparación.
CA1.2 - Identificáronse os dispositivos das máquinas e os seus sistemas de control.
CA1.3 - Seleccionáronse os accesorios das máquinas (agulla, prensatecidos, boquilla para picar, formas para botóns, broches, etc.) e colocáronse segundo as operacións que se vaian realizar (unir materiais, colocar cremalleiras ou broches, picar ou facer fendeduras, botoeiras, etc.).
CA1.5 - Levouse a cabo o axuste e o reaxuste dos equipamentos, dos accesorios e das ferramentas en función da operación que cumpra executar.
CA1.7 - Determináronse os elementos funxibles dos equipamentos e ensaiouse a súa montaxe e a súa desmontaxe, respectando as normas de seguridade.
CA1.9 - Empregáronse os equipamentos de protección individual.

CA2.2 - Realizáronse as operacións de desmontaxe para acceder ao elemento deteriorado, utilizando utensilios axeitados para cada operación.

CA2.3 - Descoséronse e retiráronse as pezas, e quitáronse fíos e pegamentos residuais das unións, para marcar a posición onde estaban colocadas no artigo, a dirección da pel e os detalles específicos que cumpra ter en conta na sinalizaciónen patrón.
CA2.5 - Realizouse o estendemento seguindo o proceso máis adecuado en función das súas condicións (sen dobras, aliñado, coa tensión necesaria e co sentido do fío e a dirección adecuados).
CA2.7 - Realizouse a reprodución sobre papel ou cartón das pezas retiradas, indicando as sinalizacións correspondentes para a súa posterior reparación.
CA2.9 - Realizáronse con habilidade e destreza as operacións de corte, rebaixamento e outras en función do tipo de material (pel, coiro, material de recheo, exterior ou forro), dos condicionantes (textura, cor, debuxo, defectos, etc.) e do número de pezas que compoñen o artigo que se vaia reparar.
CA2.11 - Empregáronse os equipamentos de protección individual.

CA3.1 - Organizáronse as actividades conforme os medios e os materiais que cumpra utilizar.
CA3.2 - Relacionáronse os tipos de fíos, agullas, máquinas, adhesivos, etc., en función da técnica de ensamblaxe e dos materiais que se vaian unir.
CA3.4 - Concretouse a secuencia de operacións expresadas na lista de fases,indicando os criterios estéticos e de seguridade.
CA3.5 - Realizáronse as costuras de unión á man e a máquina de distintos tipos de materiais, con criterios estéticos e eficacia, co fin de lograr as condicións requiridas de resistencia, flexibilidade e fixación.
CA3.6 - Realizáronse operacións de incorporación de elementos (cremalleiras,fibelas, remaches, botoeiras, cantoneiras, etc.) para substituír os avariados.
CA3.7 - Comprobouse visualmente a calidade dos compoñentes ensamblados,en comparación coas pezas deterioradas, e corrixíronse as anomalías detectadas.
CA3.9 - Empregáronse os equipamentos de protección individual.

CA4.1 - Concretáronse as operacións en función do tipo de material que cumpra empregar e a peza que se vaia reparar.
CA4.2 - Determináronse as aplicacións dos produtos de acabamento, anilinas, pigmentos, adhesivos, etc., en función do material.
CA4.3 - Realizáronse operacións de tinguidura de artigos de marroquinaría coa súa previa limpeza e coa calidade final.
CA4.4 - Aplicáronse as técnicas apropiadas en cada operación de acabamento (pistola, cepillo, encerado, pulidura, etc.).
CA4.6 - Determináronse os parámetros de calidade das diferentes formas de acabamento de artigos de marroquinaría, facendo controis intermedios de calidade.
CA4.7 - Comprobouse no produto reparado a aparencia, a solidez e os aspectos globais como a pulcritude e a uniformidade da cor, e corrixíronse as anomalías detectadas.
CA4.9 - Empregáronse os equipamentos de protección individual.
CA4.10 - Facturouse o produto reparado, respectando os requisitos legais e fiscais.

CA5.1 - Obtivéronse as dimensións normalizadas dos artigos a partir de deseños e patróns.
CA5.2 - Identificáronse as fases de patronaxe, corte, ensamblaxe e acabamento dos artigos.
CA5.3 - Realizáronse as operacións de trazado ou debuxo de patróns, marcaxe de marxes, costuras, achumbamentos, etc.
CA5.4 - Identificáronse os patróns en función da súa posición, a calidade, a categoría, etc.
CA5.5 - Realizáronse as operacións de corte de pezas de coiro ou outros materiais en función do apresto, a calidade e a posición das pezas na marcaxe.

CA5.6 - Realizáronse as operacións de rebaixamento á man ou con máquina en función do tipo e da posición.
CA5.7 - Realizáronse as costuras á man e a máquina de distintos tipos de materiais, con criterios estéticos e de eficacia, segundo deseño inicial.
CA5.9 - Realizouse o repuxado e o gravado básico sobre pel ou coiro segundo o deseño achegado como guía, utilizando utensilios como troqueis, burís, etc., apropiados para cada operación.
CA5.11 - Empregáronse os equipamentos de protección individual.

Que un CA sexa mínimo exixible implica que o alumnado deberá superar (nota igual ou maior de 5 sobre 10) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a unidade didáctica. Isto implica que para ter superada cada unidade didáctica, han de acadar polo menos un 50% en cada un destes criterios considerados mínimos, e ter unha nota mínima de 5 puntos no cómputo da unidade.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Este punto desenvolverase tendo en conta o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no Capítulo XI "A Avaliación" e "Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensenanzas de FP inicial". A avaliación farase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado. Por este motivo, nas modalidades de ensinanza presencial, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo "Reparación de artigos de marroquinaría e creación de pequenos artigos de gornicionaría".

| UD | Peso UD módulo | Instrumentos avaliación | Peso % na UD | Criterios avaliación |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 15% | Proba escrita | 20% | CA1.1. Identificáronse e clasificáronse os equipamentos e as ferramentas en función das súas prestacións no proceso de reparación.<br>CA1.2. Identificáronse os dispositivos das máquinas e os seus sistemas de control. |
| | | Táboa de observación | 80% | CA1.3. Seleccionáronse os accesorios das máquinas (agulla, prensatecidos, boquilla para picar, formas para botóns, broches, etc.) e colocáronse segundo as operacións que se vaian realizar (unir materiais, colocar cremalleiras ou broches, picar ou facer fendeduras, botoeiras, etc.).<br>CA1.4. Realizouse a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e das ferramentas.<br>CA1.5. Levouse a cabo o axuste e o reaxuste dos equipamentos, dos accesorios e das ferramentas en función da operación que cumpra executar.<br>CA1.6. Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais nas |

| UD | Peso UD módulo | Instrumentos avaliación | Peso % na UD | Criterios avaliación |
|---|---|---|---|---|
| | | | | operacións de preparación de equipamentos e ferramentas.<br>CA1.7. Determináronse os elementos funxibles dos equipamentos e ensaiouse a súa montaxe e a súa desmontaxe, respectando as normas de seguridade.<br>CA1.8. Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza.<br>CA1.9. Empregáronse os equipamentos de protección individual. |
| 2 | 10% | Proba escrita | 10% | CA2.4. Realizouse o estudo das peles en función das súas características (aprestos, fluorescencias, calidade e dirección adecuadas).<br>CA2.6. Enumeráronse as posibles anomalías ou os defectos dos materiais (pel e coiro) e valorouse a súa repercusión no artigo terminado. |
| | | Lista de cotexo | 45% | CA2.1. Avaliouse a posibilidade de realizar o arranxo e elaborouse un orzamento e unha orde de traballo en función da complexidade asociada.<br>CA2.2. Realizáronse as operacións de desmontaxe para acceder ao elemento deteriorado, utilizando utensilios axeitados para cada operación.<br>CA2.3. Descoséronse e retiráronse as pezas, e quitáronse fíos e pegamentos residuais das unións, para marcar a posición onde estaban colocadas no artigo, a dirección da pel e os detalles específicos que cumpra ter en conta na sinalización en patrón.<br>CA2.5. Realizouse o estendemento seguindo o proceso máis adecuado en función das súas condicións (sen dobras, aliñado, coa tensión necesaria e co sentido do fío e a dirección adecuados).<br>CA2.7. Realizouse a reprodución sobre papel ou cartón das pezas retiradas, indicando as sinalizacións correspondentes para a súa posterior reparación. |

| UD | Peso UD módulo | Instrumentos avaliación | Peso % na UD | Criterios avaliación |
|---|---|---|---|---|
| | | Táboa de observación | 45% | CA2.8. Identificáronse os parámetros claves no proceso de corte.<br>CA2.9. Realizáronse con habilidade e destreza as operacións de corte, rebaixamento e outras en función do tipo de material (pel, coiro, material de recheo, exterior ou forro), dos condicionantes (textura, cor, debuxo, defectos, etc.) e do número de pezas que compoñen o artigo que se vaia reparar.<br>CA2.10. Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais.<br>CA2.11. Empregáronse os equipamentos de protección individual. |

UD / Peso UD módulo / Instrumentos avaliación / Peso % na UD / Criterios avaliación

| UD | Peso UD módulo | Instrumentos avaliación | Peso % na UD | Criterios avaliación |
|---|---|---|---|---|
| 3 | 30% | Proba escrita | 12% | CA3.4. Concretouse a secuencia de operacións expresadas na lista de fases, indicando os criterios estéticos e de seguridade. |
| | | Lista de cotexo | 27% | CA3.5. Realizáronse as costuras de unión á man e a máquina de distintos tipos de materiais, con criterios estéticos e eficacia, co fin de lograr as condicións requiridas de resistencia, flexibilidade e fixación.<br>CA3.6. Realizáronse operacións de incorporación de elementos (cremalleiras, fibelas, remaches, botoeiras, cantoneiras, etc.) para substituír os avariados. |
| | | Táboa de observación | 61% | CA3.1. Organizáronse as actividades conforme os medios e os materiais que cumpra utilizar.<br>CA3.2. Relacionáronse os tipos de fíos, agullas, máquinas, adhesivos, etc., en función da técnica de ensamblaxe e dos materiais que se vaian unir.<br>CA3.3. Realizáronse as operacións de acondicionamento para a ensamblaxe en función do tipo de unión, o medio e o material.<br>CA3.7. Comprobouse visualmente a calidade dos compoñentes ensamblados, en comparación coas pezas deterioradas, e corrixíronse as anomalías detectadas.<br>CA3.8. Aplicáronse medidas de prevención de riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que cumpra manexar. |

CA3.9. Empregáronse os equipamentos de protección individual.

| UD | Peso UD módulo | Instrumentos avaliación | Peso % na UD | Criterios avaliación |
|---|---|---|---|---|
| 4 | 10% | Proba escrita | 30% | CA4.1. Concretáronse as operacións en función do tipo de material que cumpra empregar e a peza que se vaia reparar.<br>CA4.2. Determináronse as aplicacións dos produtos de acabamento, anilinas, pigmentos, adhesivos, etc., en función do material.<br>CA4.10. Facturouse o produto reparado, respectando os requisitos legais e fiscais. |
| | | Lista de cotexo | 15% | CA4.3. Realizáronse operacións de tinguidura de artigos de marroquinaría coa súa previa limpeza e coa calidade final. |
| | | Táboa de observación | 55% | CA4.4. Aplicáronse as técnicas apropiadas en cada operación de acabamento (pistola, cepillo, encerado, pulidura, etc.).<br>CA4.5. Operouse con autonomía, método, pulcritude, criterio estético, seguridade e saúde no traballo.<br>CA4.6. Determináronse os parámetros de calidade das diferentes formas de acabamento de artigos de marroquinaría, facendo controis intermedios de calidade.<br>CA4.7. Comprobouse no produto reparado a aparencia, a solidez e os aspectos globais como a pulcritude e a uniformidade da cor, e corrixíronse as anomalías detectadas.<br>CA4.8. Identificáronse os riscos inherentes ao traballo, aplicando normas de seguridade, en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que cumpra manexar.<br>CA4.9. Empregáronse os equipamentos de protección individual. |

| UD | Peso UD módulo | Instrumentos avaliación | Peso % na UD | Criterios avaliación |
|---|---|---|---|---|
| 5 | 20% | Proba escrita | 30% | CA5.2. Identificáronse as fases de patronaxe, corte, ensamblaxe e acabamento dos artigos.<br>CA5.3. Realizáronse as operacións de trazado ou debuxo de patróns, marcaxe de marxes, costuras, achumbamentos, etc. |

CA5.4. Identificáronse os patróns en función da súa posición, a calidade, a categoría, etc.

Lista de cotexo 50%

CA5.1. Obtivéronse as dimensións normalizadas dos artigos a partir de deseños e patróns.
CA5.5. Realizáronse as operacións de corte de pezas de coiro ou outros materiais en función do apresto, a calidade e a posición das pezas na marcaxe.
CA5.6. Realizáronse as operacións de rebaixamento á man ou con máquina en función do tipo e da posición.
CA5.7. Realizáronse as costuras á man e a máquina de distintos tipos de materiais, con criterios estéticos e de eficacia, segundo deseño inicial.
CA5.9. Realizouse o repuxado e o gravado básico sobre pel ou coiro segundo o deseño achegado como guía, utilizando utensilios como troqueis, burís, etc., apropiados para cada operación.

Táboa de observación 20%

CA5.8. Aplicáronse as medidas de seguridade no manexo de máquinas.
CA5.10. Realizouse o control de calidade visual das operacións e detectáronse posibles defectos, que se indicaron na folla de control de calidade final.
CA5.11. Empregáronse os equipamentos de protección individual.

UD / Peso UD módulo / Instrumentos avaliación / Peso % na UD / Criterios avaliación

6 15% Proba escrita 25%

CA5.2. Identificáronse as fases de patronaxe, corte, ensamblaxe e acabamento dos artigos.
CA5.3. Realizáronse as operacións de trazado ou debuxo de patróns, marcaxe de marxes, costuras, achumbamentos, etc.
CA5.4. Identificáronse os patróns en función da súa posición, a calidade, a categoría, etc.

Lista de cotexo 55%

CA5.1. Obtivéronse as dimensións normalizadas dos artigos a partir de deseños e patróns.
CA5.5. Realizáronse as operacións de corte de pezas de coiro ou

| | | |
|---|---|---|
| | | outros materiais en función do apresto, a calidade e a posición das pezas na marcaxe.<br>CA5.7. Realizáronse as costuras á man e a máquina de distintos tipos de materiais, con criterios estéticos e de eficacia, segundo deseño inicial.<br>CA5.9. Realizouse o repuxado e o gravado básico sobre pel ou coiro segundo o deseño achegado como guía, utilizando utensilios como troqueis, burís, etc., apropiados para cada operación.<br>CA5.10. Realizouse o control de calidade visual das operacións e detectáronse posibles defectos, que se indicaron na folla de control de calidade final. |
| Táboa de observación | 20% | CA5.8. Aplicáronse as medidas de seguridade no manexo de máquinas.<br>CA5.11. Empregáronse os equipamentos de protección individual. |

UD1 - Peso da unidade no total do módulo: 15%
- Proba escrita: 20%
- Táboa de observación: 80%

UD2 - Peso da unidade no total do módulo: 10%
- Proba escrita: 10%
- Lista de cotexo: 45%
- Táboa de observación: 45%

UD3 - Peso da unidade no total do módulo: 30%
- Proba escrita: 12%
- Lista de cotexo:27%
- Táboa de observación:61%

UD4 - Peso da unidade no total do módulo: 10%
- Proba escrita: 30%
- Lista de cotexo: 15%
- Táboa de observación: 55%

UD5 - Peso da unidade no total do módulo: 20%
- Proba escrita: 30
- Lista de cotexo: 50%

Táboa de observación: 20%
UD6 - Peso da unidade no total do módulo: 15%
Proba escrita: 25
Lista de cotexo: 55%
Táboa de observación: 20%

A entrega de traballos é requisito obligatorio para superar o módulo. Os traballos deberán acadar os mínimos propostos para cada traballo, e obter unha nota mínima de 5 sobre 10.

Se o alumno/a non superase algún traballo, por non entregalo ou non superar os mínimos, terá que facer a recuperación final do traballo trimestral non superado, no mes de xuño.

Para os efectos de avaliación trimestral, a nota que se fará constar na correspondente sesión de avaliación será, no caso de que se avalíen máis dun bloque de contidos, a media aritmética entre os distintos bloques, incluído no seu caso os bloques pendentes de trimestres anteriores.

Para o alumnado que teña o módulo pendente despois de realizada a segunda avaliación parcial, a profesora realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o desempeño das correspondentes actividades de recuperación.

A cualificación definitiva de este módulo farase efectiva na avaliación final. Non obstante, se o alumno/a tiña o módulo xa superado a cualificación final coincidirá coa obtida na segunda avaliación parcial.

A cualificación da avaliación final calcularase como a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das UD, é dicir,; atendendo ao peso de cada UD sempre que as cualificacións de cada unha delas superase os 5 puntos obre 10.

Considerarase superado o módulo cando se obteña unha puntuación superior aos 5 puntos na avaliación final.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial:

SECCIÓN 3.ª AVALIACIÓNS PARCIAIS e FINAIS. Artigo 34. Avaliacións parciais de módulos.
Punto 2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos haberá un período non superior a dúas semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos

módulos pendentes.
Punto 3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

Considerarase superado o módulo cando se obteña unha puntuación superior aos 5 puntos na recuperación.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:
Serán deseñadas tendo en conta os mínimos exixibles non alcanzados polo alumnado durante o curso, para darlle así a opción de reforzar os coñecementos adquiridos ata ese momento e por conseguinte ter máis posibilidades de superar eses mínimos.
Estas actividades serán avaliadas pola/o docente e terán que ter igual ou superior aos 5 puntos para aprobalas e polo tanto superar así os mínimos exixibles.
A nota final será a media ponderada das tres avaliacións do curso e deberá ter una puntuación superior aos 5 puntos.
O cálculo da nota das avaliacións a recuperar farase: 70% exame e 30% actividades de recuperación.

ALUMNADO DE 2º CURSO CON MÓDULOS PENDENTES DE 1º:
No caso de pasar a 2º curso con algunha materia pendente de 1º, o alumnado deberá realizar actividades de recuperación que lle propoña o equipo docente e será avaliado na avaliación parcial de 2º curso previa á FCT. Se non se superan todos os módulos de primeiro e/ou segundo, o alumnado poderá recuperalos, en principio, no período en que os compañeiros estean realizando a FCT.
Realizarán unha proba que recolla os contidos mínimos da programación reflexados no apartado 5 da mesma.
Para superar o Módulo é necesario ter superado o exame cun valor de 5 ou máis e as tarefas de recuperación encomendadas.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado de Formación Profesional Básica non pode perder o dereito a avaliación contínua por estar en idade de escolarización obligatoria, según o artículo 20.5 da Orde de 13 de xulio de 2015 por la que regulanse as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguemento da programación é un punto a tratar nas reunións de equipo docente para verificar o cumprimento dos obxectivos marcados.
Realízase mensualmente a través plataforma. Neste seguimento indicarase o grao de consecución e as propostas de mellora.
A práctica docente será avaliada periodicamente pasando enquisas ao alumnado, que serán facilitadas para tal fin polo departamento de calidade

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Tal e como se establece na lexislación vixente, ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades".
- O 1º día de clase fai a profesora unha autopresentación dela e despois faina todo o alumnado.
- O fin das entrevistas persoais e do cuestionario que se lles pasa é servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente, detectar as dificultades de aprendizaxe que poidan presentar, o coñecemento do Ciclo que van a estudar e dos módulos que o comprenden e así constatar os coñecementos previos do alumnado para poder avaliar posteriormente a súa progresión.
- A titora do grupo pasará, durante a primeira quincena de outubro, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do alumnado) e se complementará cos datos de información da matrícula.
- A sesión de avaliación inicial realizarase cara finais de outubro de 2023. Participará na reunión todo o equipo docente do grupo e a orientadora do Centro.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Capítulo VI "Alumnado con necesidades educativas especiais". Artigo 15. "Ámbito e flexibilización modular de ciclos formativos". Dacordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio

específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

- Para o alumnado que presente NECESIDADES DE REFORZO EDUCATIVO e non responda globalmente aos obxectivos programados (unha vez detectados os casos e situacións concretas), proporanse para cada un deles, e de xeito individualizado, as seguintes adaptacións:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
2. Reforzar con explicacións sinxelas e ampliar o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado.
3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título e reforzar a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade, a modo de contidos mínimos.
4. Adaptar as actividades de ensinanza-aprendizaxe, exixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Dar a oportunidade da realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realiza para mellorar o seu rendemento. Farase todo isto de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e o desenvolvemento correcto das súas capacidades.
5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración coa titora e coa orientadora) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación: as capacidades terminais e os contidos mínimos e o desenvolvemento dos máis importantes en cada caso. Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e/ou complementarios. Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos. Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
6. A metodoloxía: técnicas de traballo cooperativo, actividades en pequeno grupo con dificultade gradual, actividades de reforzo, que poden ser alternativas, reforzo positivo, valorar as capacidades do/a alumno/a para tratar de mellorar a súa autoestima.
7. A avaliación: modificacións en instrumentos ou en procedementos avaliativos.

- Para o alumnado que presente ALTAS CAPACIDADES ou destaque por encima da media do grupo, programaranse actividades de ampliación segundo as pautas marcadas no currículo e reforzarase o seu avance con actividades de maior complexidade para non frear a súa motivación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

EDUCACIÓN EN VALORES: mentres se imparte a materia deste módulo farase fincapé na educación en valores, de maneira que esta non se limite ao ensino e á aprendizaxe de coñecementos e habilidades, senón que o faga a través de metas relacionadas co ámbito moral e o civismo, co obxectivo final de formar cidadáns responsables. É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo, con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de

aula/taller/obradoiro; incluímos tamén os recollidos no PAT e para este módulo podemos destacar:

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: estará sempre presente, xa que en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., e insistir na reciclaxe e na conservación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: é importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA: procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres, etc).

INTERCULTURALIDADE: traballando dende o principio o respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo, entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnado doutras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

ORIENTACIÓN PROFESIONAL: consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional, a orientación profesional, polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA: posta en valor do patrimonio, atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional e estratéxico do Centro para potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes. Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas e facilitar a plena integración lingüística do alumnado procedente de fóra de Galicia.

FOMENTO DO PLURILINGÜISMO: atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional e Estratéxico do Centro, inténtase incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.

IGUALDADE DE XÉNERO: orientaranse as actividades de ensino e aprendizaxe dende unha perspectiva integral que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia e de xénero.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Visita a artefíos e a curtipiel.
- Visitas a talleres de marroquinaría.
- Visitas a tendas de complementos e prendas de pel.
- Visita a un centro ecuestre da zona limítrofe da cidade.
- Na aula de informática visionarán diferentes videos relacionados coa marroquinaría e gornicionaría.
- Faranse as visitas e actividades complementarias que propoña o departamento.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Reparacion de artigos de marroquinaría

Neste módulo formativo o que se pretende é dotar ao alumnado dos coñecementos básicos sobre as peles, a súa cosedura a man e a máquina e as técnicas de mateado, pegado, pulido, repuxado e troquelado que o posibilite para ser axudante nun taller de marroquinaría.
A metodoloxía a empregar será expositiva e demostrativa, estará adaptada ao grupo-clase e para que o proceso ensino-aprendizaxe funcione realizarase un estudo do tipo de alumnado para poder adaptar a metodoloxía a cada caso concreto.
É importante ter os recursos e o material suficiente e necesario para que as actividades programadas se poidan levar a cabo.
As unidades formativas que se traballen ao longo de todo o curso non se cerrarán ata o remate das mesmas.